



**Federación
Galega de
Atletismo**



CIRCULAR

Praza Agustín Díaz, s/n - 15008 - A Coruña.
T. +34 981 291 683 - federacion@atletismo.gal
atletismo.gal - carreirasgalegas.com C.I.F. G15103500



**DEPORTE
GALEGO**

Actualizada a 26/08/2026

CIRCULAR 146-2026

XVIII CAMPIONATO XUNTA DE GALICIA TRAIL RUNNING – CARREIRAS DE MONTAÑA

Art.1).- A Federación Galega de Atletismo organiza, o 29 de agosto en Folgoso do Caurel, o Campionato Xunta de Galicia Trail Running – Carreiras de Montaña.

Art.2).- Poderán participar atletas, das categorías Sub 16 e superiores, con licenza en vigor pola FGA e válida para as probas de trail running (licenza plus ou corredor).

Art.3).- As inscricións realizaranse a través do sistema en liña da RFEA na páxina <https://atletismorfea.es/user/login-registro> ata as 23:45 horas do luns 24 de agosto.

Art.4).- Prazo de comunicación de baixas.

- Rematará ás 23:59 horas do mércores 26 de agosto e serán remitidas a competicion@atletismo.gal

Art.5).- Os/as atletas deberán utilizar o dorsal outorgado pola organización, de forma visible en toda a súa superficie.

- Recollida de dorsais:
 - o Sábado 29 de 8:30 ata 30' antes do comezo de cada proba nas inmediacións da zona de saída.
- Será responsabilidade dos atletas levar consigo imperdibles ou calquera outro sistema para a súa colocación.

Art.6).- Cámara de chamadas

Os participantes deberán acceder á Cámara de chamadas provistos dun documento de identificación oficial ou licenza federada en formato dixital con foto antes do peche da mesma e deberán saír á zona de competición coa camiseta e o dorsal posto.

Art.7).- Horario e lugar de saída: [\(perfis ao final do documento\)](#)

APERTURA C. CHAMADAS	PECHE C. CHAMADAS	HORA SAÍDA	DISTANCIA	DESNIVEL	CATEGORÍAS	PECHE CONTROL	
						Penaboa	Meta
9:30	9:50	10:00	17.25 km aprox	1450 m + aprox	Sub 23, Sénior e Máster	12:35*	13:50*
10:30	10:50	11:00	7,2 km aprox	500 m + aprox	Sub 16, Sub 18 e Sub 20	-	13:00*

*Pecharase o control de chegada unha vez cumprido o tempo determinado para cada carreira.

Localización da saída e meta:

Praza do Concello de Folgoso do Caurel: <https://maps.app.goo.gl/pmpfHChCwYJZxXUy7>

Art.8).- Abastecementos.

- A proba será en autosuficiencia, podendo levar consigo un sistema de hidratación.
- A asistencia externa non está permitida e non haberá abastecementos en carreira.
- Poderase facer uso de fontes naturais ou elementos propios do percorrido por onde discorre a proba, sen abandonar o trazado do mesmo.



**Federación
Galega de
Atletismo**



CIRCULAR

Praza Agustín Díaz, s/n - 15008 - A Coruña.
T. +34 981 291 683 - federacion@atletismo.gal
atletismo.gal - carreirasgalegas.com

C.I.F. G15103500



**DEPORTE
GALEGO**

Actualizada a 26/08/2026

Art.9).- Material Obrigatorio.

O material estará revisado polo comité galego de xuíces, podendo facerse total ou parcialmente en saída, meta ou durante o percorrido.

A FGA, atendendo á meteoroloxía, poderá modificar as seguintes listaxes ata o 26 de agosto, mediante a publicación dunha circular anexa.

Listaxe de material obrigatorio:

- Dorsal visible na parte frontal.
- Sistema de hidratación con capacidade mínima de 250 ml na proba longa.
- Teléfono móbil (operativo) na proba longa.
- Manta térmica.

- ❖ As penalizacións e descualificacións sobre o material obrigatorio serán as oficiais do [regulamento do ránking galego de Trail Running](#).

Listaxe de material recomendado e opcional:

- Curta ventos ou chaqueta impermeable.
- Tubular ou gorra.
- Sistema de hidratación na proba curta.

- ❖ O uso de auriculares ou elementos de igual índole non está permitido.

Art.10).- Premios.

- A entrega de premios realizarase na Praza do Concello, a partir das 13:15 horas.
- Os tres primeiros atletas clasificados absolutos, Sub 23, Sub 20, Sub 18, Sub 16 e de cada unha das categorías Máster, masculinos e femininos, recibirán unha medalla conmemorativa do Campionato.

Art.11).- A responsabilidade das inscricións dos atletas, salvo que sexan independentes, corresponderá ao seu club. Aplicaranse as seguintes penalizacións:

- As solicitudes de inscrición fora de prazo deberán ser enviadas a competicion@atletismo.gal para a súa valoración. No caso de ser admitidas, levarán asociadas unha recarga de 10€ por atleta.
- Calquera baixa con posterioridade ás 23:59 do mércores previo ó inicio da competición ou a non participación final, levará asociada o cobro da cota de inscrición xunto cunha sanción de 5€ por proba.
- Non acreditar a veracidade nas inscricións enviadas á FGA: 6 € por atleta con datos falsos.


Art.12).- Todo o non disposto no presente regulamento resolverase, por esta orde, de acordo as normas da F.G.A., R.F.E.A. e World Athletics.

A Coruña, a 20 de xullo do 2026

Yolanda González Fernández
Secretaria Xeral da Comisión Xestora da Federación Galega de Atletismo


Actualizada a 26/08/2026

Percorrido e perfil Carreira de Montaña Longa



Ligazón percorrido: <https://tracedettrail.fr/en/trace/340336>

Percorrido e perfil Carreira de Montaña Curta



Ligazón percorrido: <https://tracedettrail.fr/en/trace/352187>